

ESCARAVELLO DA PATACA. *s.m.* Nome común de *Leptinotarsa decemlineata* (Say), coleóptero da familia dos crisomélidos, moi coñecido polos agricultores debido ós considerables danos que lles produce nas pataqueiras. O individuo adulto mide de 9 a 12 milímetros de lonxitude, ten forma oval -convexo na parte superior e aplanado por abaixo- e é moi rechamante e inconfundible polo seu corpo listado amarelo e negro en bandas alternas. Este tipo de coloración denomínase aposemática que, na linguaxe da natureza, alude ó animal velenoso ou de mal sabor. No caso do escaravello fai referencia ó último significado, o que explica que ningunha ave coma estes insectos.

Os ovos, amarelos e ovais, miden algo máis de 1 milímetro e atópanse no envés das follas formando grupos. A larva, que mide ó nacer 2 milímetros, e de 10 a 14 ó final do seu desenvolvemento, ten patas e é alongada, branda, xibosa pola súa parte superior e de cor vermella alaranxada con manchas negras nos lados. A súa cabeza, de cor apardazada, vai provista de robustas mandíbulas. A ninfa parécese ó adulto na súa **forma** e atópase enterrada no solo.

O adulto pasa o inverno oculto no chan solto, a profundidades de 15 a 30 centímetros segundo o frío da zona. En abril sae ó exterior, non de xeito simultáneo, senón en consonancia coa temperatura, e pouco despois ten lugar a cópula e a femia queda fecundada durante moito tempo. A posta verifícase no envés das follas de pataca ou doutras solanáceas como a berenxena e o tomate, por esta orde de preferencia. A súa fecundidade é enorme, pois chega a poñer ó longo do verán uns 2.000 ovos.

A incubación dura de 1 a 2 semanas ó cabo das cales nacen as larvas que, dende un principio, son moi voraces e principais causantes do dano ocasionado ás pataqueiras. Alcanzan o seu maior tamaño ás 3 semanas e logo transfórmanse en ninfa e sotérranse varios centímetros no chan. Transcorridas 1 ou 2 semanas pasan ó estado de adultos. En Galicia adoitan aparecer cada ano dúas xeracións. Estes insectos propáganse a través do voo, camiñando, nos ríos ou por medio do transporte humano. O primeiro, sen dúbida, é o máis importante porque adoita estar favorecido polos ventos.

Atacan tódalas solanáceas, preferentemente a pataca. Nos casos graves, como sucedeu nos primeiros anos da súa aparición, destrúen toda a parte foliácea e deixan só os talos principais, co que impiden a formación do tubérculo ou diminúen notablemente a colleita. A súa voracidade e fecundidade son de tal grao que unha soa femia e a súa descendencia poden destruír en 1 ano media hectárea de pataqueira.

A historia do escaravello como praga é recente, pois desenvolveuse na súa totalidade ó longo do século XX. En principio, existía unha reducida poboación que se atopaba ó leste das Montañas Rocosas, concretamente en Colorado (Estados Unidos), alimentándose de solanáceas silvestres. Os primeiros colonos que comezaron a poboar este territorio no século XIX introduciron o cultivo da pataca, sobre a que se lanzou o, ata entón, inofensivo animal e propagouse de tal forma que se estendeu rapidamente en enormes bandadas cara ó leste norteamericano. Nun breve prazo percorreu os 2.000 quilómetros que o separaban do seu lugar de orixe. As pragas teñen como causa a ruptura do equilibrio natural, coa conseguinte aparición de grandes cantidades de individuos. Así ocorreu co escaravello, que se multiplicou ata o punto de que nalgúns lugares os insectos mortos ó final de cada temporada infestaban a atmosfera con emanacións pútridas. As primeiras medidas de loita tomáronse en Norteamérica mediante o emprego de fumigacións arseniacais para controlalas. O Atlántico non serviu de barreira, a pesar das medidas preventivas tomadas polos países europeos. Despois de aparecer varios focos e ser extinguidos, o escaravello tivo o seu aliado na I Guerra Mundial (1914) e asentouse nos arredores de Bordeos. En 1922 estendeuse por toda Francia, dende onde pasou a Bélxica, Holanda, Alemaña, Suíza, Italia e chegou a España no verán de 1935. Ó principio, a poboación mantívose controlada por expertos, que tomaron medidas favorecidas pola defensa natural da barreira boscosa dos Pireneos. Na primeira aldea afectada illouse toda a produción agrícola e mesmo se controlaron os ríos da zona. O Ministerio de Agricultura comprou tódalas colleitas sobrantes e queimounas. Así mesmo, establecéronse diferentes zonas de protección, nas que se prohibiu o cultivo de patacas e outras solanáceas ó longo de toda a fronteira. Dende a súa propagación tratáronse as plantacións con produtos arseniacais e outros

moitos sistemas de extinción posibles: recollida a man, incendio de cultivos con gasolina, inxeccións ó chan con sulfuro de carburo, etc. A batalla contra o escaravello, debido á morfoloxía da rexión e ós medios dispoñibles, podía gañarse, pero a Guerra Civil interrompeu os traballos e a praga apoderouse do país. A primeira apareceu en Navarra (1938) e logo espallouse coma unha mancha de aceite ata o Mediterráneo, Galicia, Estremadura, Portugal e Andalucía. Hoxe, dado o seu arraigamento, non é posible eliminalo pero o seu control resulta fácil, mediante tratamentos periódicos con insecticidas.

O escaravello chegou a Galicia polo leste, a través da provincia de León e estendeuse cara ó poñente, sempre de acordo coa orografía do terreo. Penetrou con facilidade polos vales das provincias de Lugo e Ourense debido ó transporte dos ríos e ós ventos locais, mentres que sufriu un certo atraso nas zonas altas. A súa data de entrada é difícil de precisar, xa que ó principio as invasións foron grupos localizados, pero pode situarse cara ó verán de 1939 ou ó de 1940. O feito é que en 1943 invadira todo o territorio galego e, a partir de 1942, rexistráronse os maiores danos na zona do leste e dende 1944 na parte oeste.

Nun primeiro momento os métodos empregados polos agricultores galegos para combater a praga foron manuais, pero non tardaron moito tempo, de 1 a 3 anos segundo as zonas, en aparecer-las sulfatos. O primeiro utilizado foi o arseniato de chumbo ou de calcio e ós poucos anos xa había distintas marcas á venda de prezos moi variables.

A proliferación do escaravello nunha época conflictiva, a partir da presenza cada vez maior dos avións e da aparición dos insecticidas, explica a suposición xeneralizada entre os campesiños galegos que viviron aquela época acerca da orixe do insecto. Segundo a versión máis popular, os avións alemáns ou americanos tirábano dende o aire para utilizalo como arma biolóxica ou ben para vende-las sulfatos. Existe outra crenza que asegura que algúns individuos, pagados polas fábricas deste produto, os portaban en maletas e os esparexían polos cultivos. Ambas non son máis que froito da inventiva do pobo. O que si puido ter unha certa importancia foi o feito de que durante a Guerra Civil estivesen en España tropas de Alemaña, Norteamérica e Italia, países nos que a praga estaba xa estendida, pois non resulta ilóxico

pensar que coas subministracións ós corpos viñeran algúns destes animais. De tódalas formas, crese que esas posibles causas non tiveron demasiada relevancia, posto que foi capaz de invadir outros territorios nos que non concorrían as circunstancias españolas. (Ramón Varela Allegue)